
ESPELLOS SONOROS

XOVES 26 MARZO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Juan Floristán, piano

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Juan Floristán

Sala Mozart, 19.45 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

I.

JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ-VERDÚ (1968)

Cárcel de amor*

BÉLA BARTÓK (1881-1945)

Concerto para piano núm. 2, BB 101

Allegro

Adagio - Presto - Adagio

Allegro molto

II.

CÉSAR FRANCK (1822-1890)

Sinfonía en re menor

Lento - Allegro non troppo

Allegretto

Allegro non troppo

* Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltai **
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Marie Esther Cooper ***
Anna Alexandrova
Lia Theotonio ***
Michal Ryczel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Elina Viksne
Catarina Barbosa ***
Samira Ajkic
Elena Rodríguez ***
Enrique Roca
Gyula Vadaszi

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Iriana Fernández
Inmaculada Muedra ***
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Josep Ruiz (R)

VIOLONCELLOS

Millán Abeledo *
Fabio Arias **
Carlos García
Nicolás Casamayor ***
Thomas Piel
Nicolás Concheiro ***
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Nicolás García ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carlos Cascales (R)
Carmen Bajo ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Ana Lucía Pérez ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Antonio Martín ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **
Belén Carril (R)

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela
Alberto López ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Victor Vilarinho (R)
André Coutinho ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Juan Luis Novo (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Nicolás Portas (R)

TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

M^a Isabel Diego (R)
Lola Olmo ***

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Baldur Brönnimann é un director de orquestra de gran flexibilidade e cunha visión aberta para a creación de programas e a práctica musical. Está profundamente comprometido en facer que a música clásica sexa relevante no século XXI e, con este obxectivo, traballa activamente como comisario de novas obras e como curador de festivais e ciclos. É Director Titular e Artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, director do programa Contemporary-Conducting na Lucerne Festival Academy e cofundador do Between Mountains Festival en Suíza, unha celebración de 24 horas de música clásica, ambiental, electrónica e contemporánea, que se lanzou en xullo de 2025.

Dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como

Saariaho, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel, Birtwistle e Zimmermann en festivais como Lucerne, Wien Modern, Darmstadt, Donaueschingen, Grafenegg, Mostly Mozart no Lincoln Center e nos BBC Proms. É tamén altamente valorado por compositores vivos como Chin, Lachenmann e Neuwirth.

Brönnimann actúa regularmente por toda Europa. Na tempada 25/26 destacan os seus debuts co Antwerp Symphony, Philharmonisches Orchester Freiburg e Musikkollegium Winterthur, así como o seu regreso á WDR Symphony, á Iceland Symphony e á Helsingborg Symphony.

No ámbito operístico, dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires, tanto na produción de La Fura dels Baus como na de Barrie Kosky.

Tamén levou á escena *The Death of Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Saariaho no Bergen Festival e na Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien. No Teatro Colón tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski, *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann co propio compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann. Na tempada 25/26 regresa á English National Opera cunha nova produción de *Angel's Bone* de Du Yun.

En 2023 foi nomeado Director Titular e Director Artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela. O enfoque das súas tempadas céntrase no apoio a novos músicos, compositores e directores, no fomento dunha

interacción máis próxima coas comunidades locais e na creación de novos formatos de concerto destinados a atraer novos públicos.

Anteriormente foi Director Titular da Basel Sinfonietta (2016–2023), Director Titular da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2014–2020), Director Artístico do BIT20 Ensemble, principal agrupación de música contemporánea de Noruega (2011–2015) e Director Musical da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá (2008–2012).

Nado en Suíza, Brönnimann formouse na City of Basel Music Academy e no Royal Northern College of Music en Manchester, onde posteriormente foi nomeado profesor visitante de dirección orquestral. Actualmente reside en Madrid.

JUAN PÉREZ FLORISTÁN

PIANO

Gañador do Primeiro Premio e do Premio do Público no Concurso de Piano Arthur Rubinstein 2021, do Primeiro Premio e do Premio do Público no Concurso de Piano de Santander Paloma O'Shea 2015, do Primeiro Premio no Concurso Steinway de Berlín 2015 e da Medalla da Cidade de Sevilla, Juan Floristán é xa un referente entre as novas xeracións no mundo da música clásica.

Este incansable e novo pianista sevillano, en pouco tempo debutounalgunhas das principais salas do mundo, como o Royal Albert Hall, o Carnegie Hall, o Wigmore Hall, a Elbphilharmonie de Hamburgo, o Teatro Colón de Bos Aires, a Herkulesaal de Múnic, a Tonhalle de Zúric, a Filharmonía de San Petersburgo, o Béla Bartók Hall de Budapest, o Teatro La Fenice de Venecia, o Auditorio Nacional de Madrid, o Palau da Música de Barcelona, o Charles Bronfman Auditorium

de Tel Aviv... Tamén actuou en festivais como os Proms da BBC en Londres, o Ruhr Klavier Festival de Alemaña, a Academia do Festival de Verbier, o Festival Chopin de Polonia, o Festival de Santander, o Festival de Granada, o Festival Beethoven de Varsovia...

Cun repertorio que inclúe máis de 30 concertos para piano e orquestra e que abrangue obras desde Mozart ata Crumb, foi convidado por orquestras como a Filharmónica da BBC, a Filharmónica de Israel, a Filharmónica de San Petersburgo, a Orquesta Nacional de España, a Camerata de Xerusalén, a Orquesta Sinfónica de Monterey (EEUU), a Orquesta Sinfónica de Malmö, a Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, a Orquesta de Barcelona...

Os seus proxectos discográficos inclúen un CD coa Orquesta da BBC de Londres, un CD en

solitario para Naxos, proxectos de música de cámara, bandas sonoras... tendo gravado xa obras de Beethoven, Liszt, Schumann, Mussorgski, Ligeti, Ravel, Debussy, Ginastera, Bartók, Falla, Schubert, Shostakovich, Brahms, Alberto Iglesias...

A lista de directores, solistas e grupos de cámara cos que colaborou inclúe a Jesús López Cobos, Lahav Shani, Vasily Petrenko, Juanjo Mena, Pablo González, Cuarteto Casals, Ben Gernon, Marc Soustrot, Leopold Hager, Lorenzo Viotti, Josep Vicent, Max Bragado, Andrei Ionita, Pablo Ferrández, Fine Arts Quartet, Dietrich Henschel, Kian Soltani, Cristina Gómez Godoy, Pablo Barragán...

Debe a súa formación fundamentalmente á súa nai (María Floristán), a Galina Eguiazarova e a Eldar Nebolsin. Tamén recibiu consellos e clases de figuras internacionais como

Elisabeth Leonskaja, Eberhardt Feltz, Claudio Martínez Mehner, Daniel Barenboim, Horacio Gutiérrez, Ana Guijarro, Ferenc Rados, Menahem Pressler, Nelson Goerner, Kirill Gerstein, Luca Chiantore, Stephen Kovacevich...

É desde o ano 2020 profesor de piano na Fundación Barenboim de Sevilla.

Durante dúas tempadas (2020 a 2022) formou parte do equipo do programa La Ventana da Cadena SER de Carles Francino, tendo a súa propia sección de divulgación musical.

É Premio Ojo Crítico de RTVE 2023.

Desde 2021 é Artista Oficial Yamaha.

NOTAS AO PROGRAMA

Esta noite a Real Filharmonía presenta un novo concerto da súa temporada «Historias» que leva por título *Espellos sonoros* no que escoitaremos obras de José María Sánchez Verdú, Béla Bartók e César Franck.

Comeza o programa coa estrea dunha obra da serie «Cometas» que tanta nova música está a ofrecer ao longo deste curso. Neste caso o seu título é *Cárcel de amor* do compositor gaditano José María Sánchez Verdú (1968). O autor estudou composición, musicoloxía e dirección en Madrid e Frankfurt. Ademais, é Doutor Internacional pola UAM/Dresde e Licenciado en Dereito pola UCM. Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns entre os que destacan: tres Premios de Jóvenes Compositores da SGAE, Premio do INAEM/Colegio de España en París, Premio Nacional de Música, Premio de excelencia do Ministerio Bávaro de Cultura ou Premio da Semana Musical de Música Religiosa de Cuenca entre outros moitos. As súas composicións foron programadas en festivais nacionais e internacionais de gran prestixio e foi compositor en residencia en diversas institucións como o CNDM en España

(2014-15) ou a Orquestra Filharmónica de Dresde (2015-16). Na súa faceta de director traballou con agrupacións de diversa procedencia e en salas como o Teatro Real, o Teatro da Zarzuela, a Ópera de Maguncia ou o Auditorio Nacional. Dende 2001 é profesor de Composición da Robert Schumann Hochschule de Dusseldorf e dende 2019, Catedrático de Composición no RCSM de Madrid. En 2022 foi nomeado Académico Numerario da Academia de Bellas Artes de San Fernando.

A súa nova obra *Cárcel de amor* foi composta por encargo da Real Filharmonía para conmemorar o seu 30 aniversario e en palabras do autor «está dedicada á orquestra e a todas as persoas que, ao longo destas décadas, contribuíron a convertela nunha presenza viva dentro da cultura galega e do panorama musical europeo». Sánchez Verdú explica que o título remite á novela homónima publicada en 1492 por Diego de San Pedro, unha das obras máis difundidas da literatura castelá do seu tempo, na que desenvolve o motivo do amor cortés levado ata a súa dimensión máis trágica. Este imaxinario literario deixou unha profunda pegada

na sensibilidade de finais da Idade Media e influiría en obras tan coñecidas como *La Celestina*. O compositor indica que «a peza imaxina ese mundo simbólico a través dunha breve paisaxe sonora. Diversas liñas instrumentais despréganse polo rexistro da orquestra mentres a pulsación persistente tece unha trama rítmica continua, como unha reixa. Esa trama –cambiante, case imperceptible na súa cor– configúrase como unha sorte de entramado sonoro, unha arquitectura de repetición que rodea e contén o movemento das voces. Entre a fluidez das liñas e a persistencia dese *ostinato* créase un espazo de tensión: un xogo de liberdade e encerro que da forma ao breve percorrido musical da obra».

Seguidamente, escoitaremos o *Concerto para piano núm. 2, BB 101* de Béla Bartók (1881-1945) da man do célebre pianista Juan Pérez Floristán. Bartók foi un virtuoso do piano, profesor, etnomusicólogo e un dos compositores máis importantes do s. XX. Naceu dentro do territorio do Imperio austro-húngaro, nunha cidade que hoxe pertence a Romanía. Empezou a estudar música con 5 anos e a compoñer con 9, xa que os seus pais eran músicos afeccionados. Posteriormente, formouse na Real Academia Húngara da Música de Budapest a onde regresaría en 1907 como profesor. En 1934 ocupa o cargo de etnomusicólogo na Academia

de Ciencias. Esta labor e a dos anos anteriores recompilando música do folclore da súa terra e arredores, tivo moita influencia tamén nas súas composicións dentro do ámbito clásico. O ascenso nazi fixo que Bartók marchara aos EUA onde se estableceu coa súa familia por medo á ameaza fascista. Alí tivo importantes problemas financeiros e físicos e morreu en 1945 a consecuencia dunha leucemia. As súas obras máis coñecidas son: *O Castelo de Barbazul, O Mandarín Marabilloso, Suite de Danzas, Concerto para orquestra, Música para cordas, percusión e celesta*, 3 concertos para piano, 2 concertos para violín, 6 cuartetos de corda, 2 sonatas para violín e o *Mikrokosmos*, unha recompilación de obras para piano de carácter didáctico.

O *Concerto para piano núm. 2, BB 101* foi composto en 1931 cando Bartók tiña 50 anos, porén non se estreou ata dous anos despois, en xaneiro de 1933, en Frankfurt co autor como solista baixo a batuta de Hans Rosbaud. Esta sería a última aparición de Bartók en Alemaña antes da súa partida forzosa cara as Américas como outros moitos compositores europeos. Bartók dixo ao respecto desta obra súa que «considero que o meu primeiro concerto para piano é unha boa composición, aínda que a súa estrutura é un pouco difícil tanto para o público como para a orquestra. Por iso, uns anos máis tarde, compuxen

o *Concerto núm. 2* con menos dificultade para a orquestra e máis agradable no seu material temático... A maioría dos temas da peza son máis populares e de carácter lixeiro». A obra estrutúrase en tres movementos: *Allegro*, *Adagio – Presto - Più adagio* e *Allegro molto*. Este aparente esquema Rápido-Lento-Rápido resulta finalmente nunha estrutura en espello ao conter o segundo movemento unha parte rápida central (R-L-R-L-R), unha especie de palíndromo musical moi do gusto do autor. O primeiro movemento é unha forma sonata (exposición-desenvolvemento-recapitulación) no que só interveñen os ventos e a percusión e presenta un tratamento dos temas moi influenciado polas técnicas compositivas de Bach. No primeiro tema destaca a trompeta sobre trinos do solista e no segundo, uns acordes percusivos do piano. O seguinte movemento, unha especie de coral en tres partes, ten un carácter elixiaco. As cordas acompañan nunha sonoridade apagada a un piano tratado en ocasións como un arpa. Na parte central aparece unha sección rápida, unha especie de *tocatta* que rompe co carácter anterior e posterior do movemento. O terceiro e último é un rondó, é dicir, teremos a presenza dun tema recorrente no que destaca un ritmo sincopado que se repite de maneira insistente e que se irá alternando con moitos dos temas do primeiro movemento que se retoman de novo.

A última obra do concerto desta noite é a *Sinfonía en Re menor* de César Franck, nado en Liexa (Bélxica) o 10 de decembro de 1822 e morto en París o 8 de novembro de 1890. Foi impulsado polo seu pai a estudar a carreira de piano, formándose inicialmente na Escola Real de Música de Liexa e comezando a facer xiras de concertos con tan só 10 anos. Posteriormente, viaxou a París para estudar contrapunto, fuga e composición con Antonín Reicha e logo ingresou no Conservatorio de París na aula de órgano. En 1858 consegue o posto de organista titular da igrexa de Santa Clotilde e a partir de 1872 é nomeado profesor de órgano do Conservatorio da capital francesa, onde serían alumnos seus grandes nomes como Duparc, d'Indy, Lekeu, Ropartz ou Chausson entre outros. Neses mesmos anos fundouse a Sociedade Nacional de Música (1871) para reivindicar a música francesa fronte a almana. Nun principio estivo liderada por Saint-Saëns e en 1886 asume a presidencia Franck despois da votación dos seus colegas. Comeza así unha das súas etapas máis fecundas con obras ben coñecidas como a *Sonata para violín*, 2 corais para órgano, as *Variacións sinfónicas* ou a *sinfonía* que hoxe nos ocupa, que o catapultaron á fama internacional.

A *Sinfonía en Re m* é polo tanto unha obra da etapa final do compositor. Comezou

a traballar nela en setembro de 1887 e finalizouna no verán seguinte. A estrea tivo lugar o 17 de febreiro de 1889 no Conservatorio de París e está dedicada a Henri Duparc. A sinfonía é a única obra deste xénero que realizou Franck e goza a día de hoxe dunha gran popularidade. Trátase dunha obra entre dous séculos que estilisticamente podemos situar entre o posromanticismo wagneriano e o pos modernismo raveliano. Para moitos estudosos da figura do compositor este traballo supón unha especie de testamento e unha reivindicación do principio cíclico de construción (aquele no que se retoman temas dos movementos anteriores). Pertence, xunto a outras obras importantes como a *Sinfonía con órgano* de Saint-Saëns, a *Sinfonía en Sol m* de Lalo e *Sinfonía cévenole* de d'Indy, a un momento de renovación do xénero na música francesa. A nivel estrutural está dividida en tres movementos, porén segue o esquema habitual en catro, xa que o segundo é un híbrido entre un *Andante* e un *Scherzo* tal e como explicou o propio Franck. A sinfonía no seu conxunto recibiu moitas lecturas en clave mística como unha especie de batalla espiritual, dende a dúbida ou interrogación inicial ata o triunfo final.

O primeiro movemento é unha forma sonata un tanto complexa que se nos presenta como unha novela con moitos personaxes (temas), no

que destacan dous especialmente. Comeza cunha introdución lenta cuxo tema principal ten un carácter de interrogación (herdanza da figura retórica da *interrogatio* barroca) seguida de dous motivos complementarios. A continuación comeza o *Allegro* de sonata con exposición, desenvolvemento e recapitulación. Na primeira destas tres seccións, o tema A (derivado da interrogación da introdución) preséntase agora enérxico e afirmativo. Este é complementado con outros tres motivos que nos conducen pouco a pouco cara o tema B, conformado á súa vez por dúas partes (a primeira funciona en realidade como unha preparación da segunda, o verdadeiro tema B, que moitos autores chamaron “tema da fé”). Despois, seguirá o desenvolvemento e unha recapitulación sublimada. O segundo movemento iníciase cun tema que recorda un antigo cortexo medieval —en palabras do autor— e no que destaca o solo de corno inglés. O terceiro e último movemento funciona como gran final da peza e volta a ter estrutura de sonata. O máis destacado é o seu carácter cíclico, pois retoma temas dos movementos anteriores como fixera Beethoven na súa novena sinfonía. O clima xeral é de celebración e xúbilo, poñendo así o broche de ouro á obra e ao concerto de hoxe.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
(EN)FOCO #3:
RAPSODIAS AFRICANAS

VENRES 10 ABRIL (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Clark Rundell, director
Seckou Keita, intérprete de kora
Momi Maiga, percusión

· Seckou Keita: African Rhapsodies
(arranxos: D. Mantovani). Estrea en España

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

